



• El pago del centro de día se realizará por domiciliación bancaria que autorizará la persona usuaria, familiar o representante legal en su caso y que se adjuntará al contrato.

• Contra los actos de aplicación y efectividad de la tasa regulada en la presente Ordenanza fiscal, los interesados podrán interponer el recurso de reposición previsto en el artículo 14 de la Ley de Haciendas Locales, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de la notificación expresa del acto cuya revisión se solicita o a la finalización del período de exposición pública del correspondiente padrón, que tendrá lugar mediante anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia por período de 15 días.

En el supuesto de deudas de vencimiento periódico y notificación colectiva, el plazo para la interposición del recurso de reposición se computará a partir del día siguiente al de la finalización del período voluntario.

• Las tasas contempladas en esta Ordenanza, se satisfarán con carácter posterior a la prestación del servicio y con carácter específico, durante los primeros veinte días del mes siguiente.

• En los cinco primeros días del mes, se hará entrega a cada persona usuaria de una copia del recibo del mes anterior en el que se especificará que importes debe abonar por los servicios prestados, diferenciando el servicio básico de los servicios complementarios.

Por parte del Ayuntamiento, y sobre la base de parte del trabajo, se elabora un recibo individual con el importe correspondiente al servicio prestado en el mes anterior, que se remitirá a la entidad bancaria, en la que previamente se hará una domiciliación para que se efectúe el correspondiente pago del servicio.

### 23.3 Período impositivo

El período impositivo será el mensual.

### 24. Infracciones y sanciones tributarias

En todo lo referente a las infracciones y sanciones, será de aplicación la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, en concreto, los artículos 181 y siguientes, así como sus disposiciones y desarrollo, según lo dispuesto en el artículo 11 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

El presente reglamento entrará en vigor a los 15 días hábiles siguientes al de la publicación íntegra del mismo en el Boletín Oficial de la Provincia.

Se publica esto para general conocimiento, en Avión, a 26 de febrero de 2018.

El alcalde. Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 682

## Avión

Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento de réxime interior do centro social “Alvetus” ao non se presentar alegación ou reclamación durante o período de exposición pública contra o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello de Avión na súa sesión ordinaria realizada o día 17 de novembro de 2017, polo presente publícase o texto íntegro daquel:

Reglamento de réxime interior do centro social “Alvetus”

### 1. Obxecto

Este regulamento establece os principios de actuación, obxectivos e as normas da organización e funcionamento do centro social de persoas do Concello de Avión, así como os prezos públicos polos servizos prestados.

### 2. Tipo de centro e titularidade.

- Entidade da que depende: Concello de Avión.

- NIF: P3200500A

- N.º rexistro: VP-664

- Enderezo: Praza do Concello n.º 1 32520 Avión.

- Número de prazas: 20.

- Localización: O Centro Social “Alvetus” está situado no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” no núcleo de poboación O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).

### 3. Delimitación conceptual. Tipo de centro. Fins e obxectivos.

Centro de carácter polivalente dotado dos recursos materiais e humanos a través dos cales se desenvolven programas básicos de actuación do nivel de atención primaria, dirixidos a toda a poboación.

É un establecemento aberto aos usuarios dos servizos sociais. O seu destino é o de prestar a atención e a asistencia necesaria, así como de facilitar a convivencia e propiciar a participación e a integración social. Do mesmo xeito, procúrase a realización de actividades tendentes a conseguir os seguintes obxectivos:

- Uns niveis elevados de información.

- Fomento da participación persoal e comunitaria.

- Estimulo para levar a cabo accións de intercambio, de axuda mutua.

- Mellora progresiva da forma de vida.

### 4. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Para acceder a condición de usuario do Centro Social “Alvetus” requírese:

• Con prioridade, ser residente do Concello de Avión. Os residentes doutros concellos non poderán dispor do servizo de transporte.

• Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, nin psicopatías susceptibles de alterar a normal convivencia do centro.

O/a usuario/a inscribírase no Centro Social “Alvetus”, indicando os servizos nos que desexen participar.

Documentación de obrigada presentación:

• Informe médico que acredite que non se padece enfermidade infecto-contaxiosa, ni psicopatías susceptibles de alterar a normal convivencia do centro.

• Fotocopias do DNI.

• Fotocopias da tarxeta sanitaria.

O Centro Social dispón dun libro de reclamacións a disposición dos usuarios.

Ademais tamén contará cun libro en rexistro informatizado das persoas usuarias do servizo, así como de expedientes individuais debidamente custodiados e un Plan de Atención Individual por cada persoa usuaria.

A entidade titular terá no Centro Social, contratada as pólizas de responsabilidade civil esixibles segundo normativa vixente.

O Centro Social conta cun circuío pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, quedando gravada a actividade do Centro. De ser o caso, os usuarios e/ou as súas familias serán debidamente informados pola dirección do Centro e deberán consentir que os datos sexan gravados, tratados no ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, e eliminados pasado un mes da súa gravación.

Todos os datos persoais dos usuarios que lle sexan facilitados ao Centro, así como os que se xeren na intervención coas persoas usuarias, serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do Centro segundo a Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal en vigor.

Así mesmo, os usuarios e as súas familias terán a súa disposición unha caixa de correos de suxestións.

### 5. Organización do persoal

A xestión do Centro Social “Alvetus” correrá a cargo da Fundación Anduriña, por encomenda de xestión do Concello de Avión.

A Fundación Anduriña contará cos profesionais adecuados para prestar os servizos correspondentes de atención directa, con persoal propio, ou concertando os servizos necesarios con empresas privadas ou entidades de iniciativa social.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións e prestacións, serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración do voluntariado organizado para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra dos centro, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinadas e supervisadas polo coordinador, sen que en ningún caso exima ao persoal de atención directa da súa realización.

O/A director/a do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” exercerá as funcións de dirección do Centro Social “Alvetus” como un servizo máis do Centro Integral, contando co resto de profesionais adscritos ao citado centro (psicóloga, auxiliares, traballadora social, etc.).

### 6. Servizos que oferta

- Atención social: información dos recursos sociais comunitarios, derivación no seu caso etc.

- Actuacións culturais e formativas.

- Local social (nos planos denominada cafetería-comedor 2): sala habilitada para a lectura de prensa, xogos, consumo de bebidas non alcohólicas, etc. A citada sala, estará reservada exclusivamente para o programa “xantar en compañía” de 13:30 h a 14:30 h.

- Programa de “Xantar en compañía” (anexo I): o que se pretende é ofertarlles diariamente a comida as persoas que o precisen, e que teñan a capacidade de poder trasladarse ao centro, co fin de cubrir a súas necesidades alimentarias básicas e facilitar as súas relacións sociais e afectivas. Lévese a cabo na sala “local social”.

- Programa de “Xantar sobre rodas” (anexo II): diariamente proporcionaráselles ás persoas que o precisen, unha comida quente, suficiente e equilibrada, no seu domicilio.

- Programa de lavandería a domicilio (anexo III): servizo complementario do programa de axuda no fogar.

- Programa de Prevención a Dependencia (anexo IV): servizos de actividades relacionadas coas áreas sensoriais, motrices e cognitivas.

### 7. Normas de convivencia

Os/as usuarios/as do Centro deberán observar boa conduta moral e as leis máis elementais que esixe a convivencia.

Evitarase todo aquilo que moleste aos demais, que perturbe a paz ou tranquilidade da vivenda.

Non se tolerará rifar, confrontacións ou altercados con violencia verbal e/ou física. Tampouco os abusos na bebida. Toda infracción e neste respecto obrigará a unha seria advertencia verbal ou escrita se fora necesario. A terceira reincidencia neste aspecto, suporá a baixa do usuario do servizo.

En beneficio de todos/as esíxese o coidado por parte de todos/as dos útiles ao seu servizo: mobiliario, economizar a auga, electricidade, etc.

Está totalmente prohibido entregar propinas, regalos, etc., ao persoal do Centro.

### 8. Perda da condición de usuario

Os usuarios do centro perderán a súa condición por algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria do usuario.

2. Ocultación e falseamento de datos.

3. Ausencia por un período superior a 30 días naturais sen causa debidamente xustificada.

4. Falecemento do usuario.

5. Falta de colaboración do usuario no desenvolvemento das prestacións do centro, trato desaxetado do usuario co persoal e cos outros usuarios.

6. Incumprimento das normas de funcionamento do centro.

7. Incumprimento do pagamento das cotas.

A perda da condición de usuario/a-beneficiario/a do servizo polas causas 2ª, 5ª, 6ª e na 7ª requirirá a tramitación do correspondente procedemento, a resolución da cal lle corresponde á Dirección do centro, procedemento no que deberá oírse ao beneficiario ou seu representante legal, no prazo de dez días hábiles, co fin de que expoña o que conveña aos seus intereses.

Así mesmo, durante a tramitación do procedemento poderase adoptar a medida cautelar de suspensión provisional da condición de beneficiario/a se a súa permanencia no centro dera lugar a unha grave perturbación do servizo ou orixinara risco grave para o persoal ou para os demais usuarios.

Respecto a causa 5ª, o beneficiario perderá automaticamente a súa condición de usuario na 3ª chamada de atención recibida, tendo dereito a recurso no prazo máximo de 10 días hábiles.

Respecto a causa 7ª, o beneficiario perderá automaticamente a súa condición de usuario na primeira falta de pagamento.

### 9. Aspecto económico

O centro poderá facilitarlle ao usuario/a do mesmo, servizos de carácter complementario, como podoloxía, perruquería, transporte, xantar, bebidas e outros que se poidan concertar, xa que irán sumados ao prezo do servizo. Estes servizos serán de pagamento individualizado segundo o seu consumo, sen estar incluídos no prezo fixado.

Os/as usuarios/as do Centro Social “Alvetus” contribuirán ao financiamento dos servizos complementarios, segundo os prezos que se aproben ao respecto e que quedarán expostas no taboleiro do centro.

Todos/as os/as usuarios/as recibirán unha factura ou recibo dos pagamentos efectuados polos diferentes servizos complementarios, se así o solicitan.

### 10. Dereitos e obrigas dos usuarios

#### 10.1 Dereitos

1. A acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo coma dos demais usuarios.

3. Ao sxiro profesional acerca dos datos de seu historial sanitario e social.

4. A realizar saídas ao exterior.

5. A manter relacións interpersoais, incluíndo o dereito a recibir visitas.

6. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

7. Á intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.

8. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, de educación, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

9. A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por vontade propia.

10. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

O exercicio dos dereitos sinalados nos parágrafos 4 e 9 poderá ser obxecto de limitacións en virtude de resolución xudicial.

#### 10.2 Obrigas

1. Cumprir as normas sobre utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento de réxime interior.

2. Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

3. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñer un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, sirvan para mellorar a súa autonomía persoal e participación na vida do centro, de acordo co disposto no regulamento de réxime interior.

#### 11. Obrigas do Centro Social

Deberán de cumprir unha serie de ítems:

- Hixiene: esixiráselles aos usuarios do Centro as máximas normas de hixiene, tanto na súa persoa como no seu vestiario.
- Seguridade: está estritamente prohibido fumar en todo o centro.

Non está permitido entrar na sala de caldeiras e nas estancias sinaladas co cartel de “privado”.

• Comedor: non está permitido introducir ou sacar alimentos do comedor, nin utensilios deste, tales como garfos, vasos, panos de mesa, etc.

Non se permite a alteración da orde no comedor. Se lle xorde algún problema, diríxase á persoa do Centro.

Salvo prescrición médica, será igual a comida para todos os usuarios.

• Saídas: o Centro Social “Alvetus” ten un carácter aberto, polo que os usuarios poden realizar saídas ao exterior cando o consideren oportuno. Estas saídas, sempre e cando non sexan organizadas polo propio centro, serán de exclusiva responsabilidade do/a usuario/a.

#### Anexo I

##### Programa “Xantar en compañía”

##### 1. Descrición do programa e usuarios

Programa complementario do Servizo de Axuda no Fogar. Consiste en ofertarlles diariamente a comida ás persoas que o precisen, e que teñan a capacidade de poder trasladarse ao Centro Social “Alvetus” co fin de cubrir as súas necesidades alimentarias básicas e facilitarlle as súas relacións sociais e afectivas. Ofértase a posibilidade de trasladar aos usuarios ao Centro con regreso ao seu domicilio.

A alimentación é un dos factores que máis influencia ten sobre a saúde, unha correcta alimentación na vellez contribúe a mellorar a calidade de vida evitando a aparición de enfermidades e atrasando a invalidez, polo que se pensou neste servizo para garantir unha boa alimentación no colectivo das persoas maiores; xa que as necesidades nutricionais destas persoas non están sendo cubertas axeitadamente; ben por falta de medios económicos; por deterioro do ancián para coidar de si mesmo ou por imposibilidade da familia para realizar esta función etc.

O servizo abrangue as nove parroquias do Concello de Avión así como unha organización dos itinerarios máis acordes aos usuarios do servizo.

##### 2. Obxectivos

• Cubrir as necesidades alimentarias básicas cun servizo accesible e económico.

• Atender e promover o benestar básico e social das persoas maiores, mellorando a súa calidade de vida, anticipándose ás situacións de marxinación social e contribuíndo a superalas.

• Potenciar alternativas ao ingreso en centros residenciais.

• Fomentar a autonomía persoal e familiar, así como as condicións hixiénicas e saudables máis axeitadas en relación co almorzo diario.

• Facilitar as relacións sociais e afectivas das persoas maiores e/ou colectivos en situación de marxinación.

##### 3. Destinatarios

Este servizo estará dirixido ás persoas con certas limitacións ou dificultades temporais ou crónicas para o desenvolvemento desta actividade como son colectivos en risco de exclusión social, cunha especial atención nas persoas maiores.

Inicialmente propónse un servizo para 15 usuarios diarios, ampliándose a capacidade do servizo a medida que aumente a demanda.

##### 4. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas beneficiarias todas aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

• Maiores de 60 anos, e o seu cónxuxe se non ten a idade (no caso do cónxuxe virá acompañado do maior).

• Persoas que se atopen nunha situación transitoria de extrema necesidade valorada polos servizos sociais de atención primaria e non dispoñan dos medios necesarios para unha manutención digna.

• Familiares dos/as usuarios/as inscritos na modalidade “mensual”, aínda que non teñan 60 anos cumpridos, cun máximo de 2 comidas ao mes por usuario inscrito, e sempre e cando a capacidade do comedor social o permita (o número de comidas non se poderán acumular nos seguinte meses).

##### 5. Exclusións.

Non poderán ser beneficiarios/as do servizo nas que concorran as seguintes circunstancias:

• Padecer trastornos mentais graves que poidan alterar a normal convivencia no establecemento.

• Padecer enfermidades infecto-contaxiosas, excepto en aqueles casos en función da súa vía de transmisión.

• Padecer enfermidades crónicas invalidantes.

##### 6. Metodoloxía do programa

O Centro Social “Alvetus”, xunto co departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria, encargárase da xestión do servizo, coordinando este proxecto cos demais do Centro Integral de Servizos Sociais. Para realizar as funcións deste proxecto faranse:

- Reunións.
- Entrevistas.
- Chamadas telefónicas.
- Actividades de documentación.
- Xestión e seguimento do servizo.

O/A traballador/a social valorará o servizo máis beneficioso para o/a usuario/a (xantar a domicilio ou xantar en compañía) en función das capacidades e necesidades do usuario.

Os días e horarios do servizo será de luns a domingo, durante todo o ano.

O acceso ao comedor quedará establecido exclusivamente de 13:30-14:30 horas

##### 7. Recursos humanos e materiais

O Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, onde se atopa o Centro Social “Alvetus” comparte a maioría dos recursos dos programas de atención que se levan a cabo para a poboación.

Búscase unha maior rendibilidade dos “limitados” recursos existentes, deste xeito o programa “xantar en compañía” comparte:

• Instalacións do Centro Social “Alvetus”, concretamente a sala “cafetería-comedor 2” e os 2 aseos adaptados (un para cada sexo) da mesma.

• Cociña do Centro integral de servizos sociais “Alvetus”.

• Vehículo.

- Persoal do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”.
- Cociñeiro/a.
- Conductor/a
- Manutención.
- Almacén de víveres.
- Voluntariado.

#### 8. Avaliación

Farase un seguimento estrito do proxecto, con entrevistas cos usuarios, persoal do comedor, familiares, voluntarios, etc.

#### 9. Prezo do servizo

Segundo a Ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, non que se atopa incluído o Centro Social “Alvetus”, quedan as cantidade a cobrar da seguinte maneira:

Xantar: 6,50 €, actualizándose cada ano en función do IPC, aplicándose a primeira actuación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

### Anexo II

#### Programa “Xantar sobre rodas”

##### 1. Descrición do programa.

Programa complementario do Servizo de Axuda no Fogar. Coa creación do servizo de comida a domicilio o que se pretende é ofertar diariamente a comida no domicilio da persoa maior que o necesite, xa que, ou non dispón da capacidade de levar a cabo tal tarefa ou non pode ser atendida pola súa familia.

A alimentación é un dos factores que máis influencia ten sobre a saúde, unha correcta alimentación na ancianidade contribúe a mellorar a calidade de vida evitando a aparición de enfermidades e atrasando a invalidez, polo que se pensou neste servizo de comidas a domicilio para garantir unha boa alimentación no colectivo de persoas maiores, xa que as necesidades nutricionais destas persoas non están sendo cubertas axeitadamente, ben por falta de medios económicos, por deterioro do ancián para coidar de si mesmo ou por imposibilidade da familia para realizar esta función etc.

O servizo abrangue as nove parroquias do Concello de Avión así como unha organización dos itinerarios máis acordes para a recepción do servizo na vivenda.

A súa dinámica de funcionamento baséase en dous principios básicos:

- A elaboración dos menús adaptados á situación de saúde e necesidades individuais de cada usuario/a.
- Reparto desas comidas, protexidas adecuadamente en bandexas térmicas, ata os domicilios.

##### 2. Obxectivos

- Contribuír e lograr a permanencia das persoas vulnerables na súa propia casa e no seu medio habitual de vida.
- Cubrir as necesidades alimenticias que presenten, mediante menús sans e equilibrados, adaptados individualmente e baixo supervisión médica e o traslado dos mesmos ata os seus domicilios.
- Coordinar coas institucións sanitarias as posibles actuacións a seguir ante as diversas problemáticas alimenticias.
- Fomentar a participación do voluntariado neste servizo se é posible.
- Fomentar a participación doutros departamentos do concello.

##### 3. Destinatarios

Este servizo estará dirixido ás persoas con certas limitacións ou dificultades temporais ou crónicas para o desenvolvemento desta actividade como son colectivos en risco de exclusión social, cunha especial atención nas persoas maiores.

Inicialmente propónse un servizo para 15 usuarios diarios, ampliándose a capacidade do servizo a medida que aumente a demanda.

#### 4. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas beneficiarias todas aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

- Maiores de 60 anos e o seu cónxuxe se non ten a idade.
- Persoas que se atopen nunha situación transitoria de extrema necesidade valorada polos servizos sociais de atención primaria e non dispoñan dos medios necesarios para unha manutención digna.

#### 5. Exclusións

Non poderán ser beneficiarios/as do servizo nas que concorran as seguintes circunstancias:

- Padecer enfermidades infecto-contaxiosas, excepto en aqueles casos en función da súa vía de transmisión.

#### 6. Metodoloxía

O Centro Social “Alvetus”, xunto co departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria, encargárase da xestión do servizo, coordinando este proxecto cos demais do Centro Integral de Servizos Sociais. Para realizar as funcións deste proxecto faranse:

- Reunións.
- Entrevistas.
- Chamadas telefónicas.
- Actividades de documentación.
- Xestión e seguimento do servizo

#### 7. Avaliación

Farase un seguimento do programa, con visitas domiciliarias, entrevistas con usuarios, familiares, auxiliares do servizo de axuda no fogar, voluntarios, etc. Haberá un control directo de todo o proceso de elaboración, envasado, transporte e entrega do xantar, introducindo os axustes necesarios para o cumprimento dos obxectivos establecidos.

#### 8. Recursos humanos e materiais

O Centro Integral de Servizos Sociais, comparte a maioría de recursos dos programas de atención que se levarán a cabo para toda a poboación.

Búscase unha maior rendibilidade dos “limitados” recursos existentes, deste xeito o servizo de “xantar sobre rodas” compartiría:

- Cociñeiro/a.
- Conductor/a.
- Persoal do Centro integral de servizos sociais “Alvetus”
- Cociña do Centro integral de servizos sociais “Alvetus”
- Manutención.
- Almacén de víveres.
- Bandexas térmicas.
- Auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar.
- Voluntariado.
- Vehículo.

#### 9. Prezo do servizo

Segundo a Ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, no que se atopa incluído o Centro Social “Alvetus”, quedan as cantidade a cobrar da seguinte maneira:

Xantar sobre rodas: 7,50 €, actualizándose cada ano en función do IPC, aplicándose a primeira actuación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

### Anexo III

#### Programa de lavandería a domicilio

##### 1. Descrición do programa

Programa complementario do Servizo de Axuda no Fogar. O que se pretende con este servizo é lavar a roupa dos/as usuarios/as, que non son capaces de facelo debido ás súas limitacións, que sexa un servizo moito máis cómodo e rendible que ter unha lavadora no domicilio e como complemento da aten-



ción domiciliaria, xa que a finalidade é aumentar a eficacia na actuación social.

Ademais de prestar o servizo a todas aquelas persoas que por razón de non ter como trasladarse á zona comarcal onde se empra unha lavandería, teñan o servizo no propio Concello de Avión.

## 2. Obxectivos

- Atender e promover o benestar básico e social dos maiores e demais colectivos en risco de exclusión social.
- Mellorar a súa calidade de vida, anticipándose ás situacións de marxinación social e contribuíndo a superalas.
- Fomentar a autonomía persoal e familiar, así como as condicións hixiénicas e saudables máis adecuadas.

## 3. Destinatarios

Este servizo estará dirixido ás persoas con certas limitacións ou dificultades temporais ou crónicas para o desenvolvemento desta actividade como son colectivos en risco de exclusión social, cunha especial atención nas persoas maiores.

Ademais tamén esta dirixido a calquera persoa que non poida trasladarse por razóns económicas ou por falta de transporte ao núcleo comarcal onde se empra unha lavandeira ofertamos nós o servizo no Centro social.

## 4. Recursos humanos e materiais

O Centro Integral de Servizos Sociais, comparte a maioría de recursos dos programas de atención que se levarán a cabo para toda a poboación.

Búscase unha maior rendibilidade dos “limitados” recursos existentes, deste xeito o servizo de “xantar sobre rodas” compartiría:

- Lavandería do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”.
- Persoa encargada da lavandería.
- Auxiliares.
- Voluntariado.
- Gastos de mantemento da lavandería.
- Produtos de limpeza.
- Vehículo.
- Gastos de mantemento do vehículo.

## 5. Prezo do servizo

Segundo a Ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, no que se atopa incluído o Centro Social “Alvetus”, quedan as cantidade a cobrar da seguinte maneira:

- Lavado e secado de mantas, edredóns, colchas: 6 euros.
- Pasar o ferro a pezas de roupa (camisas, pantalóns, etc.): 1,20 euros/ peza de roupa.
- Pasar o ferro a roupa do fogar (sábenas, fundas nórdicas, etc.): 5 euros.
- Lavado e secado de prendas de roupa (máximo 5 quilos): 8 euros.

Actualizándose cada ano en función do IPC, aplicándose a primeira actuación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

## Anexo IV

### Programa “Prevención da dependencia”

#### 1. Descrición do programa e usuarios

Consiste en ofertar de luns a xoves actividades de prevención a dependencia para persoas maiores que teñan a capacidade de poder trasladarse ao Centro Social “Alvetus” realizando talleres baseados nas actividades relacionadas coas áreas sensoriais (estimulación dos sentidos), motrices (flexibilización, tonificación, lateralidade, coordinación motriz, equilibrio estático, dinámico e marcha) e cognitivas (atención, linguaxe, memoria, funcións executivas e de concentración)

O servizo abrangue as nove parroquias do Concello de Avión así como unha organización dos itinerarios máis acordes aos usuarios do servizo.

O servizo tamén está ofertado para usuarios/as doutros concellos pero sen ter a posibilidade de traslado ao Centro.

## 2. Obxectivos

- Fomentar as áreas sensorial, motriz e cognitiva.
- Atender e promover o benestar básico e social das persoas maiores, mellorando a súa calidade de vida, anticipándose ás situacións de marxinación social e contribuíndo a superalas.
- Potenciar alternativas ao ingreso en centros residenciais.
- Fomentar a autonomía persoal e familiar.
- Facilitar as relacións sociais e afectivas das persoas maiores e/ou colectivos en situación de marxinación.

## 3. Destinatarios

Enténdese por beneficiarios/as as persoas maiores de sesenta (60) anos ou aquelas que cumpriran cincuenta (50) anos que por circunstancias persoais ou sociais poden equipararse ás persoas de sesenta (60) anos ou máis que queiran realizar actividades motrices, sensoriais e cognitivas.

## 4. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas beneficiarias todas aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

- Maiores de 60 anos, e o seu cónxuxe se non ten a idade (no caso do cónxuxe virá acompañado do maior).

## 5. Exclusións

Non poderán ser beneficiarias do servizo nas que concorran as seguintes circunstancias:

- Padecer trastornos mentais graves que poidan alterar a normal convivencia no establecemento.
- Padecer enfermidades infecto-contaxiosas, excepto naqueles casos en función da súa vía de transmisión.

## 6. Metodoloxía do programa

O Centro Social “Alvetus”, xunto co departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria, encargárase da xestión do servizo, coordinando este proxecto cos demais do Centro Integral de Servizos Sociais. Para realizar as funcións deste proxecto faranse:

- Reunións.
- Entrevistas.
- Chamadas telefónicas.
- Actividades de documentación.
- Xestión e seguimento do servizo.

Os días e horarios do servizo serán de luns a xoves, durante todo o ano.

O acceso ás actividades quedará establecido exclusivamente 15:30-18:00 horas.

## 7. Recursos humanos e materiais

O Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”, onde se atopa o Centro Social “Alvetus” comparte a maioría dos recursos dos programas de atención que se levan a cabo para a poboación.

Búscase unha maior rendibilidade dos “limitados” recursos existentes. Deste xeito, o programa “xantar en compañía” comparte:

- Instalacións do Centro Social “Alvetus”, concretamente o ximnasio emprazado no ático do centro con 2 aseos adaptados (un para cada sexo).

- Vehículo.
- Persoal do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”.
- Conducutor/a.
- Voluntariado.

## 8. Avaliación

Farase un seguimento do proxecto, con entrevistas cos usuarios, persoal do servizo, familiares, voluntarios, etc.

### 9. Prezo do servizo

Segundo a Ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Avión pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais "Alvetus", no que se atopa incluído o Centro Social "Alvetus", quedan as cantidades a cobrar da seguinte maneira:

- Actividades 2 días á semana: 20 euros mensuais.
- Actividades os 4 días á semana: 25 euros mensuais.
- Transporte: 2 euros ao día (ida e volta), se só e nunha dirección cobrarse a metade.

Actualizándose cada ano en función do IPC, aplicándose a primeira actuación a partir do 1 de xaneiro de 2019.

O presente regulamento entrará en vigor aos 15 días hábiles seguintes ao da publicación íntegra del no Boletín Oficial da Provincia.

Isto faise público para xeral coñecemento en Avión, 27 de febreiro de 2018.

O alcalde. Asdo.: Antonio Montero Fernández.

*Habiendo quedado aprobado definitivamente el Reglamento de Régimen Interior del Centro Social "Alvetus" al no presentarse alegación o reclamación alguna durante el período de exposición pública contra el acuerdo de aprobación provisional, adoptado por el Pleno de este Ayuntamiento de Avión en su sesión ordinaria celebrada el día 17 de noviembre de 2017, por el presente se publica el texto íntegro del mismo:*

*Reglamento de régimen interior del Centro Social "Alvetus"*

#### 1. Objeto

Este reglamento establece los principios de actuación, objetivos y las normas de la organización y funcionamiento del Centro Social de personas del Ayuntamiento de Avión, así como los precios públicos por los servicios prestados.

#### 2. Tipo de centro y titularidad

- Entidad de la que depende: Ayuntamiento de Avión.
- NIF: P3200500A
- N.º registro: VP-664
- Dirección: Plaza del Ayuntamiento n.º 1 32520 Avión.
- Número de plazas: 20.
- Localización: el Centro Social "Alvetus" está situado en el Centro Integral de Servicios Sociales "Alvetus" en el núcleo de población O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).

#### 3. Delimitación conceptual. Tipo de centro. Fines y objetivos

Centro de carácter polivalente dotado de los recursos materiales y humanos a través de los cuales se desarrollan programas básicos de actuación del nivel de atención primaria, dirigidos a toda la población.

Es un establecimiento abierto a los usuarios de los servicios sociales. Su destino es el de prestar atención y la asistencia necesaria, así como de facilitar la convivencia y propiciar la participación y la integración social. Del mismo modo, se procura la realización de actividades tendentes a conseguir los siguientes objetivos:

- Unos niveles elevados de información.
- Fomento de la participación personal y comunitaria.
- Estímulo para llevar a cabo acciones de intercambio, de ayuda mutua.
- Mejora progresiva de la forma de vida.

#### 4. Requisitos de acceso de las personas usuarias

Para acceder a la condición de usuario del Centro Social "Alvetus" se requiere:

- Con prioridad, ser residente del Ayuntamiento de Avión. Los residentes de otros ayuntamientos no podrán disponer del servicio de transporte.
- No padecer enfermedad infecto-contagiosa, ni psicopatías susceptibles de alterar la normal convivencia del centro.

*El/La usuario/a se inscribirá en el Centro Social "Alvetus", indicando los servicios en los que deseen participar.*

*Documentación de obligada presentación:*

- Informe médico que acredite que no se padece enfermedad infecto-contagiosa, ni psicopatías susceptibles de alterar la normal convivencia del centro.
- Fotocopia del DNI.
- Fotocopia de la tarjeta sanitaria.

*El Centro Social dispone de un libro de reclamaciones a disposición de los usuarios.*

*Además, también contará con un libro en registro informatizado de las personas usuarias del servicio, así como de expedientes individuales debidamente custodiados y un Plan de Atención Individual por cada persona usuaria.*

*La entidad titular tendrá en el Centro Social, contratada las pólizas de responsabilidad civil exigibles según normativa vigente.*

*El Centro Social cuenta con un circuito cerrado de cámaras de vigilancia en las zonas comunes, quedando grabada la actividad del Centro. De ser el caso, los usuarios y/o sus familias serán debidamente informados por la dirección del Centro y deberán consentir que los datos sean grabados, tratados en el fichero de responsabilidad del Centro según la Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal, y eliminados pasados un mes de su grabación.*

*Todos los datos personales de los usuarios que sean facilitados al Centro, así como los que se generen en la intervención con las personas usuarias, serán tratados en un fichero de responsabilidad del Centro según la Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal en vigor.*

*Así mismo, los usuarios y sus familias tendrán a su disposición un buzón de sugerencias.*

#### 5. Organización del personal

*La gestión del Centro Social "Alvetus" correrá a cargo de la Fundación Anduriña, por encomienda de gestión del Ayuntamiento de Avión.*

*La Fundación Anduriña contará con los profesionales adecuados para prestar los servicios correspondientes de atención directa, con personal propio, o concertando los servicios necesarios con empresas privadas o entidades de iniciativa social.*

*Las actividades y tareas precisas para el desarrollo de las atenciones y prestaciones, serán siempre prestadas por personal cualificado, y podrá contar con la colaboración del voluntariado organizado para el desarrollo de tareas complementarias en actividades dirigidas a la ocupación del ocio, acompañamiento dentro y fuera del centro, y otras, siempre con una intervención programada, coordinadas y supervisadas por el coordinador, sin que en ningún caso exima al personal de atención directa de su realización.*

*El/La director/a del Centro Integral de Servicios Sociales "Alvetus" ejercerá las funciones de dirección del Centro Social "Alvetus" como un servicio más del Centro Integral, contando con el resto de profesionales adscritos al citado centro (psicóloga, auxiliares, trabajadora social, etc.)*

#### 6. Servicios que oferta

- Atención social: información de los recursos sociales comunitarios, derivación en su caso etc.
- Actuaciones culturales y formativas.
- Local social (en los planos denominada cafetería-comedor 2): sala habilitada para la lectura de prensa, juegos, consumo de bebidas no alcohólicas, etc. La citada sala, estará reservada exclusivamente para el programa "Almuerzo en compañía" de 13.30h. a 14.30h.